

Presentación da materia EPVA 2024/25

Materia . EPV		Curso 3º ESO	
---------------	--	-----------------	--

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none">- -Coñecer lugares xeométricos representalos e definilos.- -Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.- -Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.- -Coñecer as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.- -Construír o óvalo e o ovoide básicos, relacionándoos coas propiedades das tanxencias entre circunferencias.- -Aplicar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.- -Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.- -Comprender os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.- -Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.
----------------------	--

2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - -Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas. - -Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento. - -Identificar significante e significado nun signo visual. - -Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo. - -Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta. - -Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións. - -Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - -Coñecer e aplicar métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. - -Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas. - -Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento. - -Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. - -Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.

- Participación na clase:10%
- Valorarase a actitude, a participación activa nas actividades ,a colaboración cos compañeiros e presentación dos traballos en data .
- Traballos (láminas): 45% - Avaliación de traballos prácticos realizados na clase.
- Exames (probas escritas) 45%
- Realizaranse probas escritas para avaliar a comprensión de conceptos teóricos e a aplicación práctica das técnicas.

Alumnado coa asignatura pendente de 1º ESO

O alumnado interesado en recuperar a materia deberán realizar as láminas incluídas no caderniño que deberán fotocopiar en conxexería.

Para a realización das mesmas deben **seguirse estrictamente as instrucións** que se especifican en cada unha das láminas.

As datas de entrega de láminas serán as seguintes:

- 1ª entrega: antes xaneiro na aula de EPVA.
- 2ª entrega: antes de abril na aula de EPVA.

As láminas suporán un 100% da nota .